

MARTES 5 E MÉRCORES 6 DE MAIO

DE 2020

Boas castores maiores...comezamos Maio!!! E como di o refrán... *Maio maión, moitas flores e trebón!* Porque aínda que xa estamos en primavera e estábamos moi contentos...ay que ver que tempío temos estes días! Esperemos que mellore que así podedes ir pasear e poñer xa a roupiña lixeira, porque agora xa hai que cambiar o armario! ☺

Pero como sei que sodes moi traballadores...aquí van as propostas para estes dous días! Compaxinar traballíño con lecer é a mellor combinación!

ACTIVIDADES:

- MARTES 5 DE MAIO:

- Ficha 11: CUANTIFICADORES DIREFENTES:


O primeiro no que nos temos que fixar é...que aparece nestas fotografías? Que están facendo as persoas que aparecen nelas? É un deporte...sabes cal? E vos...sabedes bucear? Estou segura de que moitos si xa que me contades moitas veces os vosos avances na piscina ☺

Como sabedes os peixes son capaces de respirar baixo a auga gracias a que teñen branquias, o que virían a ser os nosos pulmóns, pero as persoas non temos esa capacidade e, para poder coñecer o fondo mariño, temos que usar ferramentas que nos permitan ter esa “respiración de peixe”, e que serían as botellas de osíxeno que levan os buzos nas fotos...

Describe todo o que vos chame a atención, e despois sinalaremos máis curiosidades sobre o buceo, pero antes de nada, imos facer o que nos mandan! Nesta ocasión, pídesenos que nos fixemos no número de buceadores que hai en cada imaxe, contádeos e poñede ó lado, o número correspondente. A continuación, coloreade o marco da fotografía onde hai un número de persoas diferentes. Cando rematedes, é o momento de rodear peixes, concretamente un número diferente ó que se indica.

Agora, déixovos unhas imaxes para que podades completar o voso coñecemento, reforzando non só o que sabedes, senón tamén a vosa atención!

Nombre _____ Fecha _____





Entre estos dos dibujos hay 12 diferencias. Búscalas y rodéalas con un círculo en menos de tres minutos

LOS



RESPIRAN:



CON LA NARIZ

CON LAS BRANQUIAS


NOMBRE: _____




LOS



RESPIRAN:



CON LA NARZ



CON LAS BRANQUIAS

NOMBRE: _____





TEMA

ANIMALES MARINOS


Encuentra estas palabras

- BALLENA
- DELFIN
- TIBURON
- MANTARRAYA
- LANGOSTA
- PULPO
- CALAMAR
- MORSA
- PINGUINO
- TORTUGA

Nombre del alumno: _____
 Grupo: _____

W	L	U	Ñ	H	Y	V	V	H	M	O	R	S	A	K
M	A	T	P	I	N	G	U	I	N	O	X	Q	D	W
G	N	O	I	Q	Q	B	Ñ	B	A	L	L	E	N	A
D	G	R	Y	V	Q	M	E	N	C	K	R	L	G	M
Y	O	T	D	E	L	F	I	N	N	L	U	J	R	E
C	S	U	U	O	V	Y	L	B	G	C	S	H	P	V
A	T	G	G	M	N	R	P	T	I	B	U	R	O	N
L	A	A	Z	T	Z	Q	E	F	D	D	S	Ñ	X	B
A	M	A	N	T	A	R	R	A	Y	A	G	C	W	U
M	X	V	G	Y	B	J	Q	J	Y	N	O	K	Z	H
A	A	Z	P	A	A	Q	F	G	T	J	Z	I	H	B
R	O	J	Y	U	K	G	T	P	F	U	Y	V	E	X
J	S	I	J	Z	L	J	I	A	J	Y	G	O	S	O
O	B	V	P	P	E	P	Ñ	Z	L	H	P	P	C	O
M	G	N	U	Z	U	D	O	Y	E	M	Y	N	K	F

Xa coñecedes un pouquiño máis e preguntovos...que necesitamos para bucear? Escribe neste debuxo as palabras: ALETAS, BAÑADOR, GAFAS, TUBO.



- Ficha 12: SUMAS EN VERTICAL:

Canto facía que non sumábamos!!! E como vos gusta! Así que imos a coñecer outra maneira de facelo...comezamos a sumar en vertical...coma os maiores!

Como se fosen as da asemblea, estás nubes de tormenta teñen raios...tedes que contar cantos hai en cada unha e poñelo no cadrado que corresponde, despois, contade todos (pero desta vez non de lado a lado, senón os que ten a de arriba e despois a de abaixo) e poñédeo no cadro de abaixo, ademais de debuxar os que hai na nube que non ten nada! E para facelas todas iguais...agora completa con raios ata que todas teñan o mesmo número!

Por detrás completa as grafías, como vedes, xa case sabemos facer a decena completa facilmente...sodes uns campións! Así que por hoxe xa será suficiente non?

- **MÉRCORES 6 DE MAIO:**

- Ficha 13: SERES VIVOS Y SERES INERTES:

En que se diferencian as imaxes que ves? Eu creo que para vos é moi faciliño a que si? Despois de estudar os animais, as plantas, o corpo...durante estes anos, sabedes perfectamente cales son seres vivos, e as súas necesidades e cales non, así que pega as pegatinas das gotiñas onde corresponde, nos seres vivos que necesitan auga para sobrevivir. Despois, rodea a planta, e explica porqué é un ser vivo, e debuxa algo que non o sexa!

Por detrás completa a serie!

Todos coñecedes que as plantas son un ser vivo pero...queredes ver o seu proceso dende que pos unha semente, ata que crecen? E coidar dunha? Seguramente moitos estades xa axudando nas casas a coidar aquelas que tiña mamá, pero propóñovos facer a vosa maceta con legumes!

PLANTAMOS UNHA FABA!

Para facer este experimento non fai falla ter moitos utensilios xa que co que temos na casa podemos ver como se forma vida cunha simple faba!

Necesitamos:

- Fabas.
- Un vaso ou tarro de cristal.

- Un pouco de algodón.
- Auga.

A continuación, mollamos un pouquiño o algodón e metémolo dentro do tarro de cristal, e colocamos sobre el unhas fabas. Poñerémolo cerquiña da ventá e iremos observando o que pasa diariamente, recordando que hai que humedecelo tódolos días. Canto comece a medrar, e teña raíz suficiente, podedes traspasalo a unha maceta!



Por suposto se o levades a cabo...mandádeme as vosas plantacións!!!!
Estou desexando velas!

- FICHA 14:INICIACIÓN A LA RESTA:

Aínda que sobre todo nos centramos en sumar mentres estivemos no cole, sabedes que se quitamos cousas, restamos, e quédannos menos! E hoxe imos comezar a practicar as restas, e, como xa vos vai a resultar un pouquiño difícil, imos comezar collendo dez cousiñas que teñades pola casa: legumes, pegatinas, plasti, xoguetes...contádeas todas, e, cada vez que quitedes unha do grupo, volve a contar...chegará un momento que será...CERO PATATERO! E iso é restar! 10,9,8,7...iso xa o faciades moitas veces!

Agora centrámonos na ficha, para axudar a Cora a facer o seu dique no río, primeiro escribe o número que está pensando que necesita, e a continuación, tacha os troncos que lle sobran en cada grupo. Agora, intenta pegar as regletas

onde corresponde, no reverso, e debuxa un conxunto de madeiras seguindo a indicación.... HABÍA 5 TRONCOS PERO CORA SE LLEVO 2...

$$5 - 2 = ?$$

Nos próximos días, colgarei sumas a restas divertidas para que poidades practicar! Pero creo que para estes dous días tedes suficiente!

MOITO ÁNIMOE...AGORA QUE SE PODE PASEAR...CON SENTIDIÑO!

QUÉROVOS MOITO!

- **NOTA PARA TODO INFANTIL:** Por favor, tal e como vos comentei no corpo do Email, solicitóusenos aos mestres saber o que están facendo os nenos/as nas casas polo que sería convinte que unha vez por semana me enviades fotos ou vídeos ou que mo comunicades por escrito/ou oralmente (a través de calquera dos meus emails, Whatsapp, teléfono) do que estades a facer cos nenos/as. Se tendes dificultades para seguir o libro, ou preferides traballar pola vosa conta tamén agradecería que mo dixerades, xa que se nos solicitou enviar periodicamente informes individualizados de cada alumno/a.